

Expte. 326/2026

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ve-la proposta da concelleira delegada da Cultura para a aprobación da convocatoria dos premios do Concurso de Disfraces do Entroido de 2026;

despois de ve-lo art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e maila súa disposición adicional 10.<sup>a</sup>, así como tras ter en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen a solicitude previa da persoa beneficiaria, e maila fiscalización de conformidade da Intervención,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do Concurso de Disfraces do Entroido de 2026, que se inclúen como anexo a esta resolución.

**SEGUNDO.** Autoriza-lo gasto para a concesión dos premios polo importe de 6.275,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 338.48300.

**TERCEIRO.** Dispoñer que se lles dea publicidade a estas bases mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello (<https://apobra.sedelectronica.es>), na páxina *web* municipal, nas redes sociais e mediante carteis e folletos informativos para o xeral coñecemento.

**CUARTO.** Darlles conta desta resolución á Concellaría da Cultura, á Intervención e á Tesouraría, así como ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se realizar.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

*(documento asinado dixitalmente)*



## BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE 2026

### PRIMEIRA.- Participantes

Poderán participar tódalas persoas, asociacións, comunidades, colexios etc. que o desexaren.

As persoas menores de idade terán que participar baixo a responsabilidade dunha persoa adulta, quen desempeñará a súa representación para tódolos efectos que se derivaren deste concurso.

As asociacións serán representadas polo/a presidente/a.

### SEGUNDA.- Inscricións

Poden face-la inscrición na casa da cultura Raquel Fernández Soler (981 831545) ou no correo electrónico [culturapobra@gmail.com](mailto:culturapobra@gmail.com) ata o día do desfile **antes das 12.00 h.**

A solicitude de inscrición deberá incluí-los seguintes datos:

- o nome e apelidos do/a participante ou da/s persoa/s representante/s (menores de idade/asociacións/grupos/carrozas)
- o documento de identificación e o teléfono de contacto
- o título do disfrace
- a categoría na cal se inscriben e o número de compoñentes

As fichas de inscrición deberanse asinar pola/s persoa/s representante/s.

Nota para os grupos e carrozas: en caso de non se tratar de asociacións legalmente constituídas, a ficha de inscrición será asinada, polo menos, por 2 persoas maiores de idade. Estas persoas exercerán a representación do resto das persoas participantes para tódolos efectos que se derivaren deste concurso e constarán como autorizadas de forma indistinta para recibir-lo premio. Declararán posuí-los documentos que acreditan a dita representatividade e as autorizacións dos/as responsábeis legais dos/as menores.

Así mesmo, e segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, as agrupacións de persoas físicas, xunto coa folla de inscrición, presentarán unha declaración de estaren ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia e Concello da Pobra do Caramiñal, e de non estaren incursas en ningún dos supostos que aparecen no citado artigo de incompatibilidade para recibir subvencións.

---

**Concello da Pobra do Caramiñal**

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



A participación no desfile terá lugar pola orde de inscrición.

### TERCEIRA.- Modalidades

- a) **Infantil:** para nenos e nenas ata 12 anos de idade
- b) **Carrozas:** irán acompañadas dun grupo de polo menos 5 persoas. Deberán estar formadas por estruturas móbiles, aínda que non será imprescindible que sexan propulsadas por vehículos de motor, pero si deberán ser capaces de transportar máis dunha persoa (aínda que non será obrigatorio facelo durante todo o desfile). Terán que ir decoradas de maneira que exista unha relación clara co disface das persoas que forman o grupo.
- c) **Grupos** (formados por máis de dúas persoas)
- d) **Parellas e individuais**

### CUARTA.- Lugar de realización

**Na categoría INFANTIL** o concurso realizarase no día 15 de febreiro ás 17:00 h na Praza Alcalde Segundo Durán. Os/as gañadores/as deberán participar no desfile do martes 17 de febreiro, onde se fará a entrega dos premios.

**No resto de categorías** o desfile de disfraces e carrozas terá lugar no día 17 de febreiro. Farase a saída dende A Covecha ata a rúa Castelao, onde terá lugar o concurso.

### QUINTA.- Xurado e cualificacións

A cualificación das carrozas e disfraces será determinada polo xurado do concurso, que estará composto por 5 membros. Para a concesión dos premios o xurado valorará a orixinalidade, o contido e o vestiario de cada actuación e adoptará a súa decisión por maioría. Poderá declarar que queda sen adxudicar un ou varios dos premios, se así o considerar. A decisión do xurado será inapelábel.

### SEXTA.- Premios

Os premios estarán dotados cos seguintes importes:

	Infantís	Carrozas	Grupos	Parellas /individuais
<b>1.º</b>	250 €	800 €	500 €	250 €
<b>2.º</b>	200 €	500 €	400 €	200 €
<b>3.º</b>	150 €	300 €	300 €	175 €
<b>4.º</b>	125 €	250 €	250 €	150 €
<b>5.º</b>	75€	--	--	--
<b>Total</b>	800,00 €	1.850,00 €	1.450,00 €	775,00 €

**Concello da Pobra do Caramiñal**

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



**Tódalas carrozas inscritas recibirán un premio de 200 € por participaren**, ata un máximo de 7 carrozas. No suposto de que o número destas supere o total de 7, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. A cantidade máxima que se repartirá en premios, supondo que se presentaren 7 ou máis carrozas, será de 6.275,00 euros.

O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria no período de 30 días naturais dende a presentación da seguinte documentación:

- **No caso de Asociacións:** copia do CIF da entidade e certificado bancario do IBAN da conta bancaria a nome da Asociación.
- **No caso de persoas físicas: certificado bancario do IBAN da conta bancaria a nome da persoa.** Poderase optar por un pago único á persoa representante do grupo ou carroza que se inscriba en nome do grupo, ou polo pago proporcional a cada un dos membros participantes, circunstancia que deberá figurar na inscrición debendo cada membro presentar a certificación bancaria.

O xurado emitirá o seu ditame **media hora despois do remate do desfile**, momento no cal se procedera á entrega dos premios ás persoas gañadoras, que se fará efectiva mediante un cheque nominativo, que se emitirá ó nome de calquera da/s persoa/s designadas na inscrición e que deberá identificarse mediante a exhibición do seu documento de identidade ou o equivalente. A non comparecencia significará a perda do dereito a recibi-lo premio.

Os premios outorgados aplicaráselle-las retencións sinaladas na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

**SÉTIMA.-** A participación no concurso supón a aceptación incondicional destas bases. Calquera dúbida na interpretación destas será resolta polo xurado.

